



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 27 DE XULLO DO 2022

Alcalde-Presidente:

Carlos Ladra Brage

ASISTENTES

Concelleiros/as;

Grupo político municipal PSdG-PSOE

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M^a. Rodríguez Fernández

Grupo político municipal BNG:

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

Grupo político municipal PP:

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

Grupo Mixto:

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

Elena María Arias Martínez

Secretaría-Interventora:

Irene Suárez López

Sendo as 19:30 horas do 27 de xullo do 2022, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaria-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DAS SESIÓNS ANTERIORES

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Alcalde comeza preguntando aos Concelleiros se teñen algunha observación que facer **ás acta correspondentes ás sesións celebradas o 25 de maio e o 15 de xullo, respectivamente.**

Non habendo intervencións enténdense aprobadas por unanimidade dos asistentes (10 votos)

2.- CONTA XERAL 2021

Obra no expediente a proposta que se transcribe a continuación:

Expediente núm. 1044/2022

Asunto: *CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2021*

PROPOSTA DE ALCALDÍA.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2021

Formada a Conta Xeral do Orzamento Municipal de 2021 de acordo co establecido no Real Decreto 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e na Orde EHA/4041/2004 de 23 de Novembro polo que se aproba o modelo normal de Contabilidade Local.

Emitido o informe preceptivo da Intervención do Concello, ditaminado pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o 13 de xuño, e exposto o documento durante o prazo de quince días hábiles mediante a publicación de anuncio no B.O.P. núm. 114 do 16 de xuño, aos efectos da presentación de reclamacións.

Considerando que non se teñen presentado alegacións é polo que esta Alcaldía, propón ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no art. 212.4 do TRLRFL, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2021, así como os Estados e Contas anuais anexos á mesma.*

SEGUNDO.- *Do presente trámite, así como da Conta Xeral aprobada, darase traslado ao Consello de Contas de Galicia, para coñecemento e efectos.*

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometido o asunto a votación e por sete (7) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e os concelleiros do Grupo Mixto e tres (3) votos en contra dos concelleiros do PP adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2021, así como os Estados e Contas anuais anexos á mesma.

SEGUNDO.- Do presente trámite, así como da Conta Xeral aprobada, darase traslado ao Consello de Contas de Galicia, para coñecemento e efectos.

3. INFORMES DA PRESIDENCIA:

3.1. RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións de Alcaldía aprobadas dende o último pleno ordinario.

4. MOCIÓNS

- **Moción do concelleiro do Grupo mixto en relación á tramitación de OPE e cubrir prazas vacantes de persoal laboral e funcionario.**

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** expón a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos asistentes (10 votos).

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** da lectura á moción presentada polo seu grupo que literalmente di:

Asunto: Demandar unha rotonda de Cardeita na N-651

No que levamos de lexislatura, comprobamos como o concello asume unilateralmente os custos da proposta veciñal de humanización de 2003, recortando sensiblemente as demandas veciñais e detraendo recursos para servizos básicos.

O Xefe de Estradas do Estado en 2004 comprometeuse diante da Corporación municipal a realizar a humanización veciñal, que inclúe a rotonda en Cardeita. Na lexislatura de 2007 a 2011 o goberno local redactou un grande proxecto no que se incluía esta rotonda, pero finalmente quedou sen fondos estatais debido á crise e suprimiuse na presente lexislatura sen que a Demarcación se comprometese a facer ningunha actuación en Cabanas.

A Demarcación de Estradas dispoñía dun proxecto en 2010, no que se realizaban as actuacións veciñais mediante unha actuación inmediata.

Acabamos de ver como noutros concellos se realizan novas rotondas, é o caso de Bergondo, onde se vai executar unha rotonda no cruce de Guísamo cun orzamento de 900.000 euros.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Exixirle ao Ministerio de Fomento a construción dunha rotonda en Cardeita con pasos de peóns co fin de aumentar a seguridade viaria neste cruce da N-651 de alta densidade de circulación e mais unha nova rotonda na zona do nó da AC-563 coa N-651 en Laraxe.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometida a moción a votación e por unanimidade dos asistentes (10 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

Exixirle ao Ministerio de Fomento a construción dunha rotonda en Cardeita con pasos de peóns co fin de aumentar a seguridade viaria neste cruce da N-651 de alta densidade de circulación e mais unha nova rotonda na zona do nó da AC-563 coa N-651 en Laraxe.

-Moción do concelleiro do Grupo Mixto sobre a modificación do Plan parcial do polígono de Vilar do Colo.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** expón a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos asistentes (10 votos).

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** da lectura á moción presentada polo seu grupo que literalmente di:

ASUNTO: Moción presentada por Xosé Manuel Pérez Sardiña para tramitar OPE e cubrir prazas vacantes de persoal laboral e funcionario

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro da Marea de Cabanas presenta a seguinte moción para o seu debate no vindeiro Pleno da Corporación que se celebre segundo a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política de persoal no Concello de Cabanas evolucionou cara a un elevado nivel de temporalidade no cadro de persoal. Na actualidade por obrigas legais e fóra de prazo (7 de xuño de 2022) aprobouse a OPE para as prazas cubertas por persoal indefinido non fixo. Non obstante, coma sempre, o goberno local pasou por alto a convocatoria de prazas vacantes que se encamiñan a repetir esa situación crónica.

As dificultades para cubrir servizos básicos está á vista de toda a veciñanza e agravouse coa chegada do verán e o atraso na contratación de persoal de limpeza de praias. A esta situación de mingua de servizos públicos contribúen os diferentes gobernos municipais que un ano máis nin sequera convocan as prazas vacantes, consentindo así a precarización dos servizos e as interinidades. Asemade, a primeira sentenza deste ano no xulgado do social recoñece a situación do persoal indefinido non fixo.

Transcorrido o tempo sen facer nada para corrixir esta situación, atopámonos con persoas insuficientes para atender as necesidades básicas, cunha taxa de temporalidade superior á norma e cunha precariedade de efectivos en departamentos esenciais para dar resposta ao que esixe o interese xeral. E perante este panorama, o goberno municipal non presentou a oferta de emprego público cos postos vacantes para o seu debate nos ámbitos de negociación correspondente.

Por todo o anteriormente exposto, o Pleno da Corporación, ACORDA

1. Instar a que a Oferta de Emprego Público de 2022 do Concello de Cabanas inclúa prazas vacantes de persoal funcionario e laboral, previo trámite na Mesa Xeral de Negociación e na Mesa de Seguimento do Convenio do Persoal Laboral, e a que se publiquen as convocatorias antes de que finalice o presente mandado municipal.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometida a moción a votación e por unanimidade dos asistentes (10 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

1. Instar a que a Oferta de Emprego Público de 2022 do Concello de Cabanas inclúa prazas vacantes de persoal funcionario e laboral, previo trámite na Mesa Xeral de Negociación e na Mesa de Seguimento do Convenio do Persoal Laboral, e a que se publiquen as convocatorias antes de que finalice o presente mandado municipal.

- **Moción do concelleiro do Grupo Mixto sobre a modificación de créditos e actualizar as bases de execución do orzamento non que respecta aos convenio nominativos.**

O concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña expón a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos asistentes (10 votos).

O concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña da lectura á moción presentada polo seu grupo que literalmente di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os convenios nominativos para asociacións foron establecidos na pasada lexislatura desde o ano 2016. Na lexislatura en curso non mereceron por parte do goberno local nin a mínima actualización económica nin técnica. As asociacións deportivas ou culturais con convenio seguen recibindo as mesmas cantidades desde xuño de 2018.

Coa situación de crise económica e suba de prezos xeneralizada, entendemos que se deberían incrementar as liñas de convenio para ampliar os obxectivos de fomento do deporte e para adaptar as necesidades das asociacións á realidade económica inflacionista.

Neste sentido, entendemos que as subvencións nominativas deben incorporar liñas específicas en gastos correntes, apoio ao deporte adaptado e mellora ou mantemento de instalacións que non pertencen ao concello. Dada a altura do ano e as modificacións realizadas polo goberno só sería factible incrementar as axudas ata un 100% do orzamento actual. Así, atenderemos as necesidades reais dos clubs deportivos do noso concello, fomentaremos o deporte de base e facilitaremos a participación das nosas deportistas en probas deportivas.

Por outra banda, o incremento do IPC debe terse en conta na convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva.

En consecuencia, o concelleiro asinante presenta para o seu debate e aprobación a seguinte ACORDO

O Pleno municipal insta ao Goberno local

1. A tramitar no presente exercicio unha modificación créditos e modificar as bases de execución do orzamento no que respecta aos convenios nominativos para especificar as seguintes liñas de axuda coas correspondentes dotacións económicas: gastos

correntes, apoio ao deporte adaptado, ao deporte feminino e mellora e mantemento de instalacións non municipais.

2. Igualmente actualizar as axudas da convocatoria de subvencións a entidades en concorrencia competitiva á situación inflacionista da economía no presente 2022.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometida a moción a votación e cinco (5) votos a favor dos concelleiros do PP e do Grupo Mixto e cinco (5) abstencións dos concelleiros do PSdG-PSOE e BNG adoptouse o seguinte ACORDO:

1. A tramitar no presente exercicio unha modificación créditos e modificar as bases de execución do orzamento no que respecta aos convenios nominativos para especificar as seguintes liñas de axuda coas correspondentes dotacións económicas: gastos correntes, apoio ao deporte adaptado, ao deporte feminino e mellora e mantemento de instalacións non municipais.

2. Igualmente actualizar as axudas da convocatoria de subvencións a entidades en concorrencia competitiva á situación inflacionista da economía no presente 2022.

- Moción do concelleiro do Grupo Mixto sobre mellora da seguridade vial e a mobilidade na zona da Escola Laica e As Cádivas.

O concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña expón a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos asistentes (10 votos).

O concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña da lectura á moción presentada polo seu grupo que literalmente di:

Asunto: Moción presentada polo concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña sobre mellora da seguridade vial e a mobilidade na zona da Escola Laica e As Cádivas

Co fin de mellorar a seguridade vial e a mobilidade na zona da Escola Laica e As Cádivas propoñémoslle ao Pleno da Corporación que inste á Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia a que elimine o terceiro carril entre a Escola Laica e as Cádivas e que se fagan illas para acceso ao Batán e á Veiga.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometida a moción a votación e por unanimidade dos asistentes (10 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

Instar á Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia a que elimine o terceiro carril entre a Escola Laica e as Cádivas e que se fagan illas para acceso ao Batán e á Veiga.

5. ROGOS E PREGUNTAS

Remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta e catro minutos, estendéndose a presente acta da que, eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº